
A AVOA ADORMECIDA

Texto de ROBERTO PARMEGGIANI

Ilustracións de JOÃO VAZ DE CARVALHO

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Encadernado en cartón. 18,5 x 28 cm. 40 páx. 15 €.

A avoa adormecida (galego)

ISBN 978-84-8464-914-4. MareMar.

La abuela durmiente (castelán)

ISBN 978-84-8464-913-7. Libros para soñar.

A avó adormecida (portugués)

ISBN 978-989-749-037-8. Livros para sonhar.

La nonna addormentata (italiano)

ISBN 978-88-95933-46-7. Libri per sognare.


A miña avoa dorme.

A miña avoa dorme todo o día.

A miña avoa dorme todo o día desde hai un mes...

“A avoa adormecida” presenta con sensibilidade, tenrura e cercanía, a estreita relación entre un neno e a súa avoa, que cae enferma. O ton poético do texto complétase cunhas sinxelas ilustracións de cores suaves feitas con lapis, acuarela e pastel. Destaca a sutileza coa que Roberto Parmeggiani -evocando a súa propia memoria sentimental- narra o proceso da doenza: dende que os protagonistas compartían tempo, lecturas e agarimo cando a afección aínda non se manifestara, pasando polos primeiros síntomas e o letargo do sono irreversible que o neto compensa a base de compañía; ata un desenlace con forma de conto... João Vaz de Carvalho recorre a fermosas metáforas visuais para representar o tránsito do tempo, a perda, a ausencia e o recordo.

Este relato atemporal transcorre nun espazo familiar, lonxe do ambiente frío e impersonal de hospitais e residencias. Transmite emoción, serenidade e amor. É unha sincera homenaxe a unha figura fundamental na infancia de todo ser humano: as avoas e os avós.



■ **Temática:** a historia dun neno e da súa avoa, que enferma.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** relación avós-netos; a enfermidade (demencia, Alzheimer), a morte; sentimentos: afecto, ausencia; conto da Bela Adormecida; do ilustrador de “28 historias para rir”, “O carnaval dos animais” e “Na punta do pé”.

Roberto Parmeggiani

(Boloña, 1976)

Licenciado en Ciencias da Educación (Universidade de Boloña). É o presidente da *Associazione Centro Documentazione Handicap*, que xestiona unha biblioteca especializada en discapacidade e voluntariado. Traballa con persoas discapacitadas realizando animación educativa para favorecer a súa integración e imparte cursos de formación para profesionais deste sector. Visita escolas, inculcándolle ao alumnado que canto nos diferencia tamén nos enriquece. Publicou varios libros infantís.

<http://robertoparmeggiani.wordpress.com>

João Vaz de Carvalho

(Fundão, Portugal, 1958)

Estudou pintura no taller de Vasco Berardo, en Coimbra, entre 1981 e 1984. Colaborou con revistas como *Marie Claire*, *Cosmopolitan*, *Exame*, *Gentleman*, *Pais & Filhos* e *Diário de Notícias/Notícias Magazine*. Dedícase a ilustrar álbums infantís e portadas de libros para varias editoriais. A súa obra participou en diversas exposicións. Foi galardoado na Bienal Internacional de Ilustración Infantil 2005, en Barreiro (Portugal).

<http://www.jvazcarvalho.com>

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
